



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2015/16 |
| Asignatura (*) | Didáctica da lingua castelán | Código | 652G01018 | |
| Titulación | Grao en Educación Infantil | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas | | | |
| Coordinación | Cano López, Pablo | Correo electrónico | pablo.cano@udc.es | |
| Profesorado | Cano López, Pablo | Correo electrónico | pablo.cano@udc.es | |
| Web | www.educacion.udc.es/doc_profesor.php?id=203 | | | |



| | |
|-------------------------|---|
| Descrición xeral | <p>Didáctica da lingua castelá (cód. 652G01018) é unha materia obrigatoria do 2º curso dos estudos do Grao en Educación Infantil. En colaboración con Didáctica da lingua galega (cód. 652G01015), contribúe a capacitar o/a futuro/a docente para perseguir e conseguir os obxectivos formativos propios da área de coñecemento «Linguaxes: comunicación e representación», terceira e derradeira das que constitúen o currículo da Educación Infantil.</p> <p>Apenas é necesario ponderar a importancia que a Didáctica da lingua reviste para quen aspira a exercer a profesión docente. Abondará con advertir que é proporcional á que para o/a neno/a encerra o pleno desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas. Nacida como instrumento para a exteriorización das necesidades do organismo, a linguaxe medra no neno ata se transformar en porta de entrada a un mundo intelectual que se superpón ao mundo material en que os seres humanos asentamos os nosos pés. Os humanos non vivimos soamente no universo físico, senón tamén, como dixo o filósofo Ernst Cassirer, nun universo simbólico. O noso medio ambiente non está constituído de xeito exclusivo por obxectos físicos, senón tamén por obxectos culturais ?se así se pode dicir? que «viven» na linguaxe, a aos que só podemos acceder por medio da linguaxe: os costumes, as leis, os mitos, as lendas, os saberes científicos... A non ser pola conquista da palabra, o/a neno/a viviría nun perpetuo desterro, por sempre á marxe de todas esas realidades especificamente humanas (ou, mellor dito, das dimensións especificamente humanas da realidade). O/a docente debe, como é obvio, acompañalo na súa loita; debe ser para el un modelo e un acicate. Ora ben, non pode cumprir ese papel se non está dotado da formación necesaria; de aí que a presenza da glotodidáctica nos estudos de Maxisterio sexa unha necesidade universalmente recoñecida.</p> <p>Logo destas consideracións preliminares (que poderían, de facto, encabezar a guía de calquera materia da área de didáctica da lingua), cabe xa detallar os obxectivos específicos de Didáctica da lingua castelá. A fin de non alongar en exceso a listaxe, sinalaranse soamente tres, cada un dos cales corresponde ?como máis adiante se verá? a un bloque de contido:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Garantir que o alumnado posúe as ferramentas conceptuais necesarias para describir tanto os produtos da actividade verbal (isto é, os textos) como as habilidades que subxacen a toda manifestación de dita actividade (isto é, as competencias «gramatical», «sociolingüística», «discursiva» e «estratéxica»). 2. Ofrecer ao alumnado unha vista panorámica do proceso de adquisición da primeira lingua, con atención especial ás fases que se desenvolven entre o nacemento e os tres anos de idade (momento en que adoita producirse a incorporación dos/as nenos/as aos colexios, e que coincide con inicio do segundo ciclo da Educación Infantil). 3. Contribuír á preparación do alumnado para o desempeño dos seus futuros labores profesionais. Evidentemente, este obxectivo é común a todas as materias do plan de estudos do Grado, se ben cunha tradución diferente en cada unha delas. No caso de «Didáctica de la Lengua Castellana», o que implica é: <ol style="list-style-type: none"> a) Iniciar o alumnado no coñecemento dos obxectivos que, segundo a lexislación sobre a Educación Infantil, corresponden á área de coñecemento «Linguaxes: comunicación e representación» (mellor dito: ao primeiro dos bloques en que tal área se divide, correspondente á chamada linguaxe verbal, é dicir, á linguaxe propiamente dita). b) Iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das estratexias que cabe aplicar con vistas á consecución dos devanditos obxectivos, reparando tamén nos atrancos que poden xurdir durante a súa utilización, e dexergando posibles vías de solución. |
|-------------------------|---|

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A2 | Coñecer os desenvolvementos da psicoloxía evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6. |
| A40 | Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados. |
| A42 | Coñecer o currículo de lingua e lectoescritura desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes. |
| A43 | Favorecer as capacidades da fala e da escritura. |
| A44 | Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita. |
| A45 | Coñecer a tradición oral e o folclore. |
| A46 | Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua. |



| | |
|-----|---|
| A47 | Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura e o seu ensino. |
| A48 | Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües. |
| A49 | Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal. |
| A50 | Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura. |
| A51 | Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil. |
| A52 | Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo. |
| B10 | Capacidade de análise e síntese. |
| B11 | Capacidade de busca e manexo de información. |
| B12 | Capacidade de organización e planificación. |
| B15 | Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica. |
| B16 | Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes. |
| B17 | Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos. |
| B19 | Comunicación oral e escrita na lingua materna. |
| B20 | Coñecemento de outras culturas e de outras costumes. |
| B21 | Coñecemento e comunicación en linguas estranxeiras. |
| B24 | Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade. |
| B25 | Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--|-------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Adquirir as ferramentas conceptuais necesarias para describir tanto os produtos da actividade verbal (é dicir, os textos) como as habilidades que subxacen a toda manifestación de dita actividade (é dicir, as competencias «gramatical», «sociolingüística», «discursiva» e «estratéxica»). | A42 A49 | B16 B20 B21 | |
| Coñecer as liñas mestras do proceso de adquisición da primeira lingua, prestando especial atención ás fases que se desenvolven entre o nacemento e os tres anos de idade (momento en que adoita producirse a incorporacións dos/as nenos/as aos colexios, e que coincide con inicio do segundo ciclo da Educación Infantil). | A2 A42 A48 A49 A52 | | |
| Coñecer os obxectivos que, segundo a lexislación sobre a Educación Infantil, corresponden á área de coñecemento ?Linguaxes: comunicación e representación? (mellor dito: ao primeiro dos bloques en que se divide, correspondente á chamada linguaxe verbal). | A42 A43 A44 A46 A47 A49 | | |



| | | | |
|---|--|--------------------------------|----------------------|
| Coñecer algunhas das estratexias que cabe aplicar con vistas á consecución dos obxectivos da área de coñecemento ?Linguaxes: comunicación e representación? (mellor dito: do primeiro dos bloques en que se divide, correspondente á linguaxe verbal), reparando tamén nos atrancos que poden xurdir durante a súa utilización, e dexergando posibles vías de solución. | A40 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A49 A50 A51 | B15 B17 B19 | |
| Ser quen a ler, comprender e resumir textos cuxo contido se relacione con calquera dos apartados do temario. | | B10 B12 B19 | C1 |
| Ser quen a expoñer (oralmente ou por escrito, e sempre cunha linguaxe correcta, adecuada e precisa) unha opinión informada verbo de calquera das cuestións que se recollen no temario. | A44 | B7 B10 B11 B12 B19 | C1 |
| Ser quen a utilizar criticamente as diversas fontes de información dispoñibles, dende as máis tradicionais (artigos de prensa ou de revistas científicas, libros de divulgación ou para especialistas, etc.) ata as máis recentes (bibliotecas dixitais, páxinas web institucionais ou de investigadores...) | | B10 B11 B12 B25 | C3 C6 C7 C8 |
| Decatarse da necesidade de se expresar con propiedade, servíndose da variedade lingüística máis axeitada para cada tipo de situación. | A44 A46 | B19 | C1 C2 |
| Decatarse de que tódalas linguas son igualmente valiosas como ferramentas para a expresión e a comunicación, de tal xeito que non poden ser xerarquizadas en función das súas propiedades estruturais. | | B20 B21 B24 | C2 |
| Decatarse das responsabilidades que o/a docente de Educación Infantil ten verbo do desenvolvemento lingüístico do seu alumnado, e tomar conciencia dos compromisos que implican. | | B6 B7 B15 B19 | C6 C7 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



| | |
|---|--|
| <p>1. Mínima introdución á linguaxe e á lingüística</p> | <p>1. 1. Que é a linguaxe?</p> <p>1. 1. 1. Lugar da linguaxe no conxunto dos fenómenos comunicativos</p> <p>1. 1. 2. Dous aspectos da linguaxe: «acto lingüístico» (produción e comprensión das mensaxes verbais) e «saber idiomático» (coñecemento intuitivo do código verbal)</p> <p>1. 1. 3. A organización interna dos códigos verbais: caracteres fundamentais</p> <p>1. 2. Que é falar?</p> <p>1. 2. 1. O acto lingüístico como manifestación do saber idiomático</p> <p>1. 2. 2. O acto lingüístico como superación do saber idiomático: o papel das competencias «sociolingüística», «discursiva» e «estratéxica» na produción e comprensión da fala</p> <p>1. 2. 3. Texto e contexto: cómo as circunstancias que rodean o acto lingüístico inflúen sobre os procesos de elaboración e interpretación das mensaxes</p> <p>1. 3. Qué é a lingüística?</p> <p>1. 3. 1. Obxecto complexo, ciencia complexa</p> <p>1. 3. 2. A lingüística teórica: disciplinas «micro» (Fonoloxía, Gramática, Lexicoloxía) fronte a disciplinas «macro» (Neuro- e Psicolingüística, Socio- e Etnolingüística)</p> <p>1. 3. 3. A Lingüística aplicada</p> <p>1. 3. 4. A Didáctica da lingua: o seu lugar no conxunto das ciencias da linguaxe</p> |
| <p>2. Os primeiros pasos no camiño cara o dominio da primeira lingua (0-3 anos)</p> | <p>2. 1. Que? Cando? Como? As grandes preguntas no eido dos estudos sobre o desenvolvemento lingüístico do neno</p> <p>2. 2. Feitos xa comprobados:</p> <p>2. 2. 1. A etapa prelingüística (0-9 meses, aprox.)</p> <p>2. 2. 2. A aparición do signo (9-12 meses, aprox.)</p> <p>2. 2. 3. A evolución dos sistema fonemático (a partir dos 12 meses)</p> <p>2. 2. 4. A evolución dos sistemas léxico e gramatical (a partir dos 12 meses)</p> <p>2. 3. Cuestións aínda abertas: a controversia sobre as achegas da herdanza (nature) e da crianza (nurture)</p> <p>2. 3. 1. A aproximación «condutista»: propostas de Charles E. Osgood e Burrhus F. Skinner</p> <p>2. 3. 2. A aproximación «innatista» (ou «nativista») de Noam Chomsky: o que é e o que non é</p> <p>2. 3. 3. Máis aló de Chomsky e de Osgood e Skinner: esterilidade da controversia entre condutismo e innatismo</p> <p>2. 3. 4. Un enfoque diferente: a proposta de Jerome S. Bruner</p> |



| | |
|--|--|
| <p>3. O desenvolvemento das habilidades lingüísticas na escola infantil (3-6 anos)</p> | <p>3. 1. A oralidade</p> <p>3. 1. 1. Caracteres distintivos da comunicación oral</p> <p>3. 1. 2. Valorem os a oralidade nos seus xustos termos: presentación e crítica dos dogmas «normativista» e «espontaneísta»</p> <p>3. 1. 3. A miraxe da «naturalidade»: necesidade de traballar a linguaxe oral nas aulas</p> <p>3. 1. 4. Algunhas pautas e estratexias para o «cultivo» da oralidade na escola infantil</p> <p>3. 2. A lectoescritura</p> <p>3. 1. 1. Caracteres distintivos da comunicación escrita</p> <p>3. 1. 2. Orixe, desenvolvemento e natureza dos sistemas de escrita de carácter alfabético</p> <p>3. 1. 3. O ensino da escrita onte: o conflito entre «métodos analíticos» e «métodos sintéticos».</p> <p>3. 1. 4. O ensino da escrita hoxe: promesas e riscos da «linguaxe integrada»</p> <p>3. 1. 4. Algunhas pautas e estratexias para o «cultivo» da escrita na escola infantil</p> |
|--|--|

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A2 A42 A46 A47 A48 A49 A52 B10 | 21 | 42 | 63 |
| Obradoiro | A40 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A49 A51 B7 B10 B11 B17 B19 B24 C1 C3 C6 C8 | 21 | 21 | 42 |
| Lecturas | A2 A42 A46 A47 B11 B12 B16 B20 B21 C2 C3 | 0 | 21 | 21 |
| Proba obxectiva | A42 A46 A47 A49 B11 | 2 | 0 | 2 |
| Traballos tutelados | A42 A43 A44 A46 A47 A50 B6 B10 B11 B12 B15 B19 B25 C1 C2 C3 C6 C7 C8 | 0 | 20 | 20 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Nas aulas expositivas, o profesor presentará as liñas mestras dos diferentes puntos do temario. Farao, obviamente, por medio da palabra falada, mais tamén botará man (cando semellar conveniente) dos medios audiovisuais que a Facultade pon ao seu dispor. Cando o profesor fale, o alumnado debe adoptar unha actitude atenta e respectuosa, absténdose de interromper ou perturbar a marcha da exposición. O que si pode e debe facer é participar na sesión (con preguntas, con respostas, con conxecturas, etc.) sempre que lle sexa requirido, e mesmo por propia iniciativa. |
| Obradoiro | Nas aulas interactivas, demandarase a participación do alumnado (individualmente ou en grupos) en actividades de diversa índole: debates, exercicios de solución de problemas, exercicios de comentario de texto, etc. As tarefas que se leven a cabo responderán a unha dupla finalidade: por unha banda, verificar a asimilación das nocións teóricas presentadas nas sesións expositivas; por outra banda, explorar a proxección que tales nocións poidan ter no eido da práctica docente. |



| | |
|---------------------|---|
| Lecturas | O alumnado universitario non debe contentarse con estudar por medio das notas que toma á presas na aula, pois tales documentos adoitan ser pouco satisfactorios no que toca á forma e pouco fiábeis no que toca ao contido. Cómpre que adquira, en troques, o costume de consultar bibliografía científica, isto é, textos de autor coñecido e acreditado, publicados a través de canles que contén con filtros de acceso. Co propósito de contribuír a consolidación deste hábito tan saudábel, dispónse que a preparación dos tres bloques temáticos de que consta a materia pase pola lectura de varios textos (non máis de dous por bloque) nos que se acharán desenvolvidos as correspondentes cuestións de teoría. |
| Proba obxectiva | Para superar a materia, o alumnado deberá someterse a un exame escrito de tipo test no que deberá acreditar que leu e comprendeu os textos de lectura obrigatoria. Este exame (cuxo peso na cualificación será máis que considerábel) celebrarase en data e hora aprobadas pola Xunta de Facultade e publicitadas a través dos condutos habituais (tableiros de anuncios e/ou páxina web do centro). Trátase, xa que logo, dun «exame final». |
| Traballos tutelados | Ademais de tomar parte nas actividades que se leven a cabo nas sesións interactivas, o alumnado deberá realizar un breve traballo que consistirá na resolución dun ou varios problemas de carácter teórico ou práctico, ou no comentario crítico dunha fonte documental (impresa ou audiovisual) que achegue información sobre algún dos puntos do temario. Durante o primeiro mes lectivo forneceranse pautas e directrices para a confección do traballo, que farán referencia a aspectos de contido (tema sobre o que versará) e de forma (normas de presentación). Axustarse ás instrucións non será unha opción, senón unha obriga. O seu incumprimento terá, pois, consecuencias moi graves a efectos de cualificación. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Durante o horario de titorías, o profesor encontrarase no seu despacho, disposto a responder calquera pregunta verbo dos contidos teóricos da materia, da marcha das sesións interactivas, do proceso de avaliación, etc. Cómpre advertir, porén, que o diálogo co profesor non é unha obriga, senón un dereito: a porta do despacho está aberta, mais é o/a estudante quen debe petar (por propia vontade e iniciativa). |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|--|--|---------------|
| Obradoiro | A40 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A49 A51 B7 B10 B11 B17 B19 B24 C1 C3 C6 C8 | As tarefas realizadas nas sesións interactivas supoñerán un 10% da cualificación da materia; con outras palabras: a súa execución (e maila súa entrega, cando for o caso) achegará un punto, como máximo, á conta de resultados do estudante. | 10 |
| Proba obxectiva | A42 A46 A47 A49 B11 | Esta actividade suporá un 60% da cualificación; con outras palabras: achegará un máximo de seis puntos á conta de resultados do estudante. Nótese que, para superar a materia, é necesario obter cando menos tres dos seis puntos que están en xogo. | 60 |
| Traballos tutelados | A42 A43 A44 A46 A47 A50 B6 B10 B11 B12 B15 B19 B25 C1 C2 C3 C6 C7 C8 | Esta actividade, que se realizará en grupo, suporá un 30% da cualificación; con outras palabras: achegará un máximo de tres puntos á conta de resultados do estudante. Nótese que, para superar a materia, é necesario obter cando menos un dos tres puntos que están en xogo. | 30 |

Observacións avaliación



O plaxio castigarase coa máxima severidade: un so caso de corta-e-pega abondará para que un traballo fiquen cualificado cun cero, o cal implica o suspenso na asignatura. Os/as estudantes que non superen a materia en maio-xuño poderán facelo en xullo, baixo as seguintes condicións: se na proba obxectiva ficaron por debaixo de tres puntos, deberán enfrontarse novamente a ela; se no traballo obtiveron menos dun, terán que repetilo. Seralles conservada a puntuación que acadasen por participar nas sesións interactivas. Aos/ás estudantes que non asistan regularmente ás aulas aplicaráselles o mesmo procedemento de avaliación que aos que sí as frecuenten, cun par de diferenzas de escasa entidade: por unha banda, ofreceráselles a posibilidade de facer en solitario o traballo tutelado; por outra banda, o punto que se pode obter pola participación nas sesións interactivas cargaráselles na conta do devandito traballo, que suporá, por tanto, un 40% da cualificación final.

Fontes de información



Bibliografía básica

1. Elementos de lingüística xeral Alarcos Llorach, E. (1971). Lingüística estrutural y funcional. En R. Lapesa (Coord.), Comunicación y lenguaje (pp. 47-61). Madrid: Karpos. Alarcos Llorach, E. (1977). Metodología estrutural y funcional en lingüística. Revista Española de Lingüística, 7(2), pp. 1-16. Cenoz Irigui, Jasone (2008). El concepto de competencia comunicativa. En J. Sánchez Lobato e I. Santos Gargallo (Coords.), Vademécum para la formación de profesores. Enseñar español como segunda lingua / lingua extranjera (pp. 449-465). Madrid: Sociedad General Española de Librería.
2. Adquisición da primeira lingua Alexander Pan, B. e Uccelli, P. (2010). Desarrollo semántico: el aprendizaje del significado de las palabras. En J. Berko Gleason e N. Bernstein Ratner (Coords.), El desarrollo del lenguaje (Y. Moreno López, trad.) (pp. 109-146). Madrid: Pearson. Berko Gleason, J. e Bernstein Ratner, N. (1999): La adquisición del lenguaje. En J. Berko Gleason e N. Bernstein Ratner (Coords.), Psicolingüística (A. M.ª Esquinas Rychen, trad.) (pp. 369-432). Madrid: McGraw-Hill. Bohannon III, John N. e Bonvillian, J. D. (2010). Enfoques teóricos sobre la adquisición del lenguaje. En J. Berko Gleason e N. Bernstein Ratner (Coords.), El desarrollo del lenguaje (Y. Moreno López, trad.) (pp. 239-299). Madrid: Pearson.
3. Ensinanza da lingua e a literatura
3. 1. Marco legal Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. [Consultábel en liña: <http://www.boe.es/boe/dias/2006/05/04/pdfs/A17158-17207.pdf>] Real Decreto 1630/2006, de 29 de diciembre, por el que se establecen las enseñanzas mínimas del segundo ciclo de Educación Infantil. [Consultábel en liña: <http://www.boe.es/boe/dias/2007/01/04/pdfs/A00474-00482.pdf>] Lexislación da Educación Infantil en Galicia. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2009. [Consultábel en liña: <http://www.edu.xunta.es/web/node/2643.pdf>] Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. [Consultábel en liña: <http://www.boe.es/boe/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886.pdf>]
3. 2. Obras xerais (compendios, manuais e tratados) Bigas, M. y Correig, M. (Eds.) (2007). Didáctica de la lengua en la educación infantil. Madrid: Síntesis. Mendoza Fillola, A. (Coord.) (1998). Conceptos clave en didáctica de la lengua y la literatura. Barcelona: S. E. D. L. L. / UB ? I. C. E. / Horsori. Mendoza Fillola, A. (Coord.) (2003). Didáctica de la lengua y la literatura para Educación Primaria. Madrid: Pearson Educación. Prado Aragonés, J. (2011). Didáctica de la lengua y la literatura para educar en el siglo XXI (2.ª ed.). Madrid: La Muralla.
3. 3. Lectoescritura Clemente Linuesa, M.ª (2004). Lectura y cultura escrita. Madrid: Morata. Clemente Linuesa, M.ª (2008). Enseñar a leer: bases teóricas y propuestas prácticas. Madrid: Pirámide. Domínguez Chillón, G. e Barrio Valencia, J. L. (1997): Los primeros pasos hacia el lenguaje escrito: una mirada al aula, Madrid: La Muralla. Fons, M. (2007). Aprender a leer y escribir. En M. Bigas e M. Correig (Eds.), Didáctica de la lengua en la educación infantil (pp. 157-178). Madrid: Síntesis. Fons, M. (2007). Enseñar a leer y escribir. En M. Bigas e M. Correig (Eds.), Didáctica de la lengua en la educación infantil (pp. 179-212). Madrid: Síntesis. Guzmán Simón, F., Navarro Pablo, M. e García Jiménez, E. (2015). Escritura y lectura en Educación Infantil. Madrid: Pirámide. Morais, J. (1998): El arte de leer [S. Defior Citoler, trad.]. Madrid: Visor. Suárez Yáñez, A. (2000). Iniciación escolar a la escritura y la lectura: diseño de programas adaptados a la diversidad. Madrid: Pirámide.
4. Lingua española Alarcos Llorach, E. (1994). Gramática de la lengua española. Madrid: Espasa. Asociación de Academias de la lengua española (2005). Diccionario panhispánico de dudas. Madrid: Santillana. [Consultábel en liña: <http://www.rae.es/dpd/>] Asociación de Academias de la Lengua Española (2011). Nueva gramática básica de la lengua española. Madrid: Espasa. Asociación de Academias de la Lengua Española (2012). Ortografía básica de la lengua española. Madrid: Espasa. Seco, M. (1992). Diccionario de dudas y dificultades de la lengua española (9.ª ed.). Madrid: Espasa. Seco, M. (1994). Gramática esencial del español: introducción al estudio de la lengua (4.ª ed.). Madrid: Espasa. Real Academia Española (2014): Diccionario de la lengua española (23.ª ed.). Madrid: Espasa. [Consultábel en liña: <http://www.rae.es/drae/>]



Bibliografía complementaria

1. Elementos de lingüística xeral Alcaraz Varó, E. e Martínez Linares, M.^a A. (1997). Diccionario de lingüística moderna. Barcelona: Ariel. Bernárdez, E. (2004). ¿Qué son las lenguas? (2.^a ed.). Madrid: Alianza Editorial. Cardona, G. R. (1991). Diccionario de lingüística (M.^a T. Cabello, trad.). Barcelona: Ariel. Coseriu, E. (1981). Lecciones de lingüística general (J. M.^a Azáceta e García de Albéniz, trad.). Madrid: Gredos. Coseriu, E. (1986). Introducción a la lingüística (2.^a ed.). Madrid: Gredos. López, Á. e Gallardo, B. (Eds.) (2005). Conocimiento y lenguaje. València: Universitat de València. Lyons, J. (1993). Introducción al lenguaje y a la lingüística (R. Cerdá, trad.). Barcelona: Teide. Martinet, A. (1968). Elementos de lingüística general (J. Calonge Ruiz, trad.). Madrid: Gredos. Moreno Cabrera, J. C. (2000). La dignidad e igualdad de las lenguas: crítica de la discriminación lingüística. Madrid: Alianza Editorial. Richards, Jack C. et alii (1997). Diccionario de lingüística aplicada y enseñanza de lenguas (C. Muñoz Lahoz e C. Pérez Vidal, trads.). Barcelona: Ariel. 2. Adquisición da primeira lingua Abdelilah-Bauer, B. (2007). El desafío del bilingüismo (P. Manzano, trad.). Madrid: M. E. C. / Morata. Bruner, J. (1986). El habla del niño: aprendiendo a usar el lenguaje (R. Premat, trad.). Barcelona: Paidós. Karmiloff, K. e Karmiloff-Smith, A. (2005). Hacia el lenguaje: del feto al adolescente (P. Manzano, trad.). Madrid: Morata. Lenneberg, E. H. e Lenneberg, E. (Comps.) (1982). Fundamentos del desarrollo del lenguaje (P. Soto et alii, trad.). Madrid: Alianza Editorial. Narbona, J. e Chevie-Muller, C. (Eds.) (2001). El lenguaje del niño: desarrollo normal, evaluación y trastornos (2.^a ed.). Barcelona: Masson. O'Grady, W. (2010). Cómo aprenden los niños el lenguaje (A. Benítez Burraco, trad.). Madrid: Akal. Puyuelo Sanclemente, M. e Rondal J.-A. (Eds.) (2003). Manual de desarrollo y alteraciones del lenguaje: aspectos evolutivos y patología en el niño y el adulto. Barcelona: Masson. Serra, M. et alii (2000). La adquisición del lenguaje. Barcelona: Ariel. 3. Ensinanza da lingua e a literatura 3. 1. Obras xerais (compendios, manuais e tratados) Bravo-Villasante, C. (1972). Historia de la literatura infantil española. Madrid: Doncel. Cassany, D. et alii (1994). Enseñar lengua. Barcelona: Graó. Colomer, T. (2010). Introducción a la literatura infantil y juvenil actual (2.^a ed.). Madrid: Síntesis. Durán, C. et alii (2009). La palabra compartida: la competencia comunicativa en el aula. Barcelona: Octaedro. Garralón, A. (2001). Historia portátil de la literatura infantil. Madrid: Anaya. González Nieto, L. (2001). Teoría lingüística y enseñanza de la lengua: lingüística para profesores. Madrid: Cátedra. López Valero, A. e Encabo Fernández, E. (2001). El desarrollo de habilidades lingüísticas: una perspectiva crítica. Granada: Grupo Editorial Universitario. López Valero, A. e Encabo Fernández, E. (2002). Introducción a la didáctica de la lengua y la literatura: un enfoque sociocrítico. Barcelona: Octaedro. Lomas, C. (1999). Cómo enseñar a hacer cosas con las palabras: teoría y práctica de la educación lingüística (2.^a ed.). Barcelona: Paidós. Lomas, C. e Osoro, A. (Comps.) (1993). El enfoque comunicativo en la enseñanza de la lengua. Barcelona: Paidós. Lomas, C. et alii (1993). Ciencias del lenguaje, competencia comunicativa y enseñanza de la lengua. Barcelona: Paidós. Martín Vegas, R. A. (2009). Manual de didáctica de la lengua y la literatura. Madrid: Síntesis. Mendoza Fillola, A. et alii (1996). Didáctica de la lengua para la Enseñanza Primaria y Secundaria. Madrid: Akal. Pérez Esteve, P. e Zayas, F. (2007). Competencia en comunicación lingüística. Madrid: Alianza Editorial. Ruiz Campos, A. M. (2000). Literatura infantil: introducción a su teoría y su práctica. Alcalá de Guadaíra: Guadalmena. Serrano, J. e Martínez, J. E. (Coords.) (1997). Didáctica de la lengua y la literatura. Barcelona: Oikos-Tau. Unamuno, V. (2003). Lengua, escuela y diversidad sociocultural: hacia una educación lingüística crítica. Barcelona: Graó. 3. 2. Lectoescritura Condemarin, M. e Chadwick, M. (1990). La enseñanza de la escritura: bases teóricas y prácticas. Madrid: Visor. Correig, M. (2007). ¿Qué es leer? ¿Qué es escribir? En M. Bigas e M. Correig (Eds.), Didáctica de la lengua en la educación infantil (pp. 125-155). Madrid: Síntesis. Cuetos, Fernando (2009). Psicología de la escritura (8.^a ed.). Madrid: Wolters Kluwer. Cuetos, Fernando (2010). Psicología de la lectura (8.^a ed.). Madrid: Wolters Kluwer. Escoriza Nieto, J. e Boj Barberán, C. (1997). Psicopedagogía de la escritura. Barcelona: Llibreria Universitària. Ferreiro, E. e Teberosky, A. (1979). Los sistemas de escritura en el desarrollo del niño. Madrid: Siglo XXI. Graves, D. H. (1991). Didáctica de la escritura (P. Manzano, trad.). Madrid: M. E. C. / Morata. Harris, M. e Hatano, G. (Eds.) (1999). Learning to read and write: a cross-linguistic perspective. Cambridge, U. K.: Cambridge University Press. Lacasa, Pilar et alii (1995). Leer y escribir, ¿cómo lograrlo desde la perspectiva del lenguaje integrado. CL & E: comunicación, lenguaje y educación, 25, pp. 31-50. Lebrero Baena, M.^a P. e Lebrero Baena, M.^a T. (1988). Cómo y cuándo enseñar a leer y escribir. Madrid: Síntesis. Lebrero Baena, M.^a P. (Coord.) (1990). La enseñanza de la lectoescritura: problemas y metodología. Madrid: Escuela Española. Pressley, M. (1999). Cómo enseñar a leer (D. Menezo, trad.). Barcelona: Paidós. Sánchez Miguel, E. (1996). El todo y las partes: una crítica a las propuestas del lenguaje integrado. Cultura y Educación, 1, pp. 39-54. Teberosky, A. (1993). Aprendiendo a escribir. Barcelona: Horsori. Vieiro Iglesias, P. (2007). Psicopedagogía de la escritura. Madrid: Pirámide. Vieiro Iglesias, P. e



Gómez Veiga, I. (2004). *Psicología de la lectura*. Madrid: Pearson Prentice Hall.

Wells, G. (1988). *Aprender a leer y escribir* (C. Milla Soler, trad.). Barcelona: Laia.3. 4. *Textos con interés exclusiva o principalmente histórico*

Castro Alonso, C. (1971). *Didáctica de la lengua española*. Salamanca: Anaya.

Esquer Torres, R. (1968). *Didáctica de la lengua española*. Madrid: Alcalá.

Ferrández, A. et alii (1986). *Didáctica del lenguaje* (2.ª ed.). Barcelona: CEAC.

Galí Herrera, J. (1967). *Didáctica del lenguaje*. Barcelona: Teide.

García Martínez, G. (1958). *Lingüística española y metodología de la enseñanza del idioma* (4.ª ed.). Murcia: Fiat.

Pellicer Rived, F. (1969). *Didáctica de la lengua española*. Madrid: Magisterio Español.

Romera Castillo, J. (1979). *Didáctica de la lengua y la literatura*. Madrid: Playor.

Rosales, C. (1984). *Didáctica de la comunicación verbal*. Madrid: Narcea.

4. *Lingua española*

Asociación de Academias de la Lengua Española (2010a). *Nueva gramática de la lengua española: manual*. Madrid: Espasa.

Asociación de Academias de la Lengua Española (2010b). *Ortografía de la lengua española*. Madrid: Espasa.

Gómez Torrego, L. (2009). *Hablar y escribir correctamente: gramática normativa del español actual* (3.ª ed.). Madrid: Arco Libros.

Lapesa, R. (1981). *Historia de la lengua española* (9ª ed.). Madrid: Gredos.

Moliner, M. (2007). *Diccionario de uso del español* (3.ª ed.). Madrid: Gredos.

Montolío, E. et alii (2000). *Manual práctico de escritura académica*, Barcelona: Ariel.

Seco, M. et alii (1999). *Diccionario del español actual*. Madrid: Aguilar.

Seco, M. et alii (2000). *Diccionario abreviado del español actual*, Madrid: Aguilar.

Real Academia Española (1973): *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Madrid: Espasa-Calpe.



| Recomendacións |
|--|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| Didáctica da lingua galega/652G01015 |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| Didáctica da lingua estranxeira/652G01026 Literatura infantil e a súa didáctica/652G01024 |
| Observacións |



Observacións Malia achárense implícitas no enunciado das competencias da materia, convén poñer por escrito algunhas advertencias ás que debe atender quen queira superala sen atrancos: Os erros na grafía das palabras, o desleixo no emprego dos signos de puntuación, a carencia das ferramentas léxicas e gramaticais necesarias para se elevar por riba do estilo conversacional, a incapacidade de artellar textos extensos sen mingua da cohesión e da coherencia, etc., non son chatas ante as cales caiba pechar os ollos. Nunha aula universitaria, constitúen faltas graves e deben, xa que logo, penalizarse con rigor: o correcto dos «contidos» non é circunstancia atenuante. Entre as habilidades que o estudantado universitario debe adquirir, ocupa unha posición destacada a de recoller información con bo siso e empregala con honradez: Dicir que o/a estudante debe recoller información bo siso é tanto como dicir que debe recollela selectivamente. Entre a morea de fontes de información que Internet lle brinda, debe saber elixir as de augas máis limpas, e afastarse dos mananciais avoltos (v. gr., a célebre Wikipedia) e das pozas de augas lamacentas (v. gr., Buenas tareas ou El rincón del vago). Así mesmo, debe ser quen a explorar e utilizar os fondos biblio- e hemerográficos da Biblioteca Universitaria. Dicir que o/a estudante debe empregar información con honradez é tanto como dicir que debe declarar abertamente todas as súas débedas intelectuais. Quen reproduce palabras alleas está obrigado a indicar onde as atopou e quen as escribiu. A infracción desta norma será castigada con dureza: un so caso de corta-e-pega nun traballo supón un suspenso inmediato (coa cualificación de cero). Os Estatutos da Universidade da Coruña dispoñen que a asistencia ás aulas é, ante todo, un dereito que se lle recoñece ao estudantado (art. 66). O Estatuto do estudantado inclúe entre os seus deberes, porén, o de «cumprir coa actividade académica específica dos estudos en que se matriculen, participando nas clases, teóricas e prácticas, así como en todas as actividades previstas na programación docente de cada unha das materias» (art. 44; cursivas engadidas). Existe, pois, un conflito normativo. Cando este se resolva, caberá tomar decisións no tocante ao peso da asistencia na avaliación e cualificación das materias. Entrementes, semella razoábel absterse de penalizar as faltas de asistencia, agás cando entrañen o deixamento de actividades de carácter obrigatorio: exercicios escritos, exposicións orais, exames, etc. Aclaración O idioma vehicular da materia Didáctica da lingua castelá será, por suposto, o castelán. Se esta guía docente se escribe en galego, é consonte as prescricións do Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña, cuxo artigo 2.4 reza: Os centros e departamentos da Universidade da Coruña, da mesma maneira que as dependencias administrativas e de servizos, terán o lingua de uso o galego. Así mesmo, os documentos que os departamentos e as entidades institucionais elaboren: as memorias, as actas, as comunicacións oficiais para os taboleiros de anuncios, os programas das materias, etc., redactaranse en galego.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías